



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### **Sesión, data e hora de celebración**

S.4.2021  
12 de febreiro de 2021  
10,30 horas

### **Lugar de celebración**

Casa do Concello

### **Asistentes**

PRESIDENTA  
Dna. Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa

SECRETARIO  
D. Ignacio Jesús Mazaira Garro, Xefe de Sección de Contratación

VOGAIS  
Dna. María do Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral  
D. Jairo Orjales Sande, Técnico de Servizos Externos  
D. Alfonso de Prado Fernández- Canteli, Secretario Xeral

### **Orde do día**

- 1.- Avaliación dous criterios obxectivos: CON/36/2018 - Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Narón
- 2.- Proposta adxudicación: CON/36/2018 - Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Narón
- 3.- Aprobación de acta: S 13 2020 - Aprobación actas sesións S.13.2020
- 4.- Aprobación de acta: S.14.2020 - Aprobación acta S.14.2020
- 5.- Aprobación de acta: S.15.2020 - Aprobación acta sesión S.15.2020
- 6.- Aprobación de acta: S.1.2021 - Aprobación acta S.1/2021

### **Exponse**

**1.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/36/2018 - Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Narón**

Antes de iniciar o debate deuse conta das actuacións realizadas en cumprimento da resolución núm. 215/2020 do TACGAL sobre este contrato.



O Pleno da Corporación en reunión mantida ou 30 de decembro de 2020, adopta os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** - Proceder á anulación do acordo de adxudicación do contrato de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, adoptado polo Pleno municipal de Narón, na sesión celebrada o pasado vinte e nove de outubro de dous mil vinte.

**SEGUNDO.** – Retrotraer o procedemento ao intre da valoración do sobre que contén os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

**TERCEIRO.** – Excluír a oferta presentada por Acciona Servizos Urbanos SRL por entender que non cumpre coas esixencias do Prego de Prescricións Técnicas.

**CUARTO.** – Proceder ao estudo da viabilidade da oferta da UTE FCC-INGESER no sentido da presunción de anormalidade segundo o disposto no artigo 149 da LCSP.

**QUINTO.** - Dar conta deste acordo ás empresas solicitadas.

**SEXTO.** - Dar conta á consultora externa e aos Servizos Externos municipais.

**SÉTIMO.** - Dar conta ao TACGAL.

En execución destes acordos, a Mesa de contratación solicita a UTE FCC – INGESER, a xustificación da viabilidade da súa oferta. Documentación entregada en tempo e forma e informada polo Xefe dos Servizos Básicos e Mantemento.

A Mesa ratifica o informe técnico no que se conclúe que no estudo de custos presentado coa oferta, contempla unha partida de gastos xerais onde se inclúe expresamente o custe do encargado que xunto coa partida de persoal garanten con folgura as obrigas económicas derivadas do persoal adscrito ao servizo, cumpríndose así co fin pretendido polo PCAP de manter e asegurar as condicións laborais e sociais do actual cadro de persoal.

Retrotraído o expediente ao momento de comprobación da viabilidade da oferta presentada por FCC-INGESER, continuarase coa avaliación dos criterios obxectivos, avaliación que foi realizada con anterioridade pero que agora debemos volver a valorar ao ficar so dúas empresas na licitación en lugar das tres anteriores, debido á exclusión de ACCIONA en execución da resolución do TACGAL.

A Mesa procedeu ao cálculo da puntuación das ofertas que continúan no



procedemento, resultando:

CIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.:

- Prezo ofertado 2.732.045,88 euros Puntuación: 40 pts.
- Medios materiais: Adquisición de recolectores de carga lateral, Valor ofertado: 6 características Puntuación: 4 pts
- Medios materiais: Equipamento dos vehículos Oferta: Sí Puntuación: 1 pto.
- Medios materiais: dotación de guías de colectores en zona urbana Valor ofertado: 100% Puntuación: 2 pts
- Medios materiais: equipamento dos colectores Oferta: Sí Puntuación: 1 pto.
- Medios materiais: aplicación informática de xestión e trazabilidade Oferta: Sí Puntuación: 1 pto.
- Medios materiais: redución de nivel de emisións de CO2: Oferta: 54% Puntuación: 3 pts.
- Medios materiais: renovación de papeleiras Valor ofertado: 288 papeleiras Puntuación: 0,06 pts
- Medios materiais: varredora de baixo nivel de ruído Valor ofertado: 86 dBA Puntuación: 1 pto.
- Medios materiais: rozadora lateral arrastrada Oferta Si Puntuación: 1 pto.
- Incremento dos servizos de recollida de residuos urbanos: frecuencias de recollida da fracción resto Valor ofertado para

Carga lateral:

Urbana: incremento ata 6 veces/semana

Semiurbana+Polígonos industriais: incremento ata 4,83 veces/semana

Rural: Sen incremento

Carga traseira: rural: incremento ata 5 veces/semana



Puntuación: 3.48

- Incremento dos servizos de recollida de residuos urbanos: residuos perigosos Non oferta Puntuación: 0.

- Incremento dos servizos de limpeza viaria: frecuencias de varrido mecanizado en zona urbana Valor ofertado: Incremento de frecuencia ata 7 veces/semana Puntuación: 3 ptos.

- Incremento dos servizos de limpeza viaria: número de xornadas de limpeza en festivos, mercadillos e eventos Valor ofertado: 111 xornadas Puntuación: 2 ptos.

- Incremento dos servizos de limpeza viaria: eliminación do mofo nas beirarrúas Oferta: Sí Puntuación: 1 pto

- Biorresiduo: Valor ofertado: 169 colectores Puntuación: 1,33 ptos.

:

- Persoal: preacordo de convenio con Centro Especial de Emprego ou empresas de inserción de Galicia Oferta: Sí Puntuación: 3 ptos.

CIF: A79524054 URBASER, S.A.:

- Prezo ofertado 2.789.590.99 Puntuación: 39,17 ptos.

- Medios materiais: Adquisición de recolectores de carga lateral valor ofertado: 6 características Puntuación: 4 ptos

- Medios materiais: Equipamento dos vehículos Oferta: Sí Puntuación: 1 pto.

- Medios materiais: dotación de guías de colectores en zona urbana Valor oferta: 100% Puntuación: 2. ptos

- Medios materiais: equipamento dos colectores Oferta: Sí Puntuación: 1 pto.

- Medios materiais: aplicación informática de xestión e trazabilidade Oferta: Se Puntuación: 1 pto.

- Medios materiais: redución de nivel de emisións de CO2: Oferta: 58% Puntuación: 3 ptos.

- Medios materiais: renovación de papeleiras Valor ofertado: 5.000 papeleiras Puntuación: 1 pto



- Medios materiais: varredora de baixo nivel de ruído Valor ofertado: 96,3 dBA Puntuación: 0 pto.

- Medios materiais: rozadora lateral arrastrada Oferta Sí Puntuación: 1 pto.

- Incremento dos servizos de recollida de residuos urbanos: frecuencias de recollida da fracción resto Valor ofertado para Carga lateral:

Urbana: incremento ata 5 veces/semana

Semiurbana+Polígonos industriais: incremento ata 5 veces/semana

Rural: ata 5 veces/semana

Carga traseira: rural: incremento ata 5 veces/semana

Puntuación: 4 ptos

- Incremento dos servizos de recollida de residuos urbanos: residuos perigosos Valor Ofertado 10 Tn/ano Puntuación: 2 ptos.

- Incremento dos servizos de limpeza viaria: frecuencias de varrido mecanizado en zona urbana Valor ofertado: Incremento de frecuencia ata 7 veces/semana Puntuación: 3 ptos.

- Incremento dos servizos de limpeza viaria: número de xornadas de limpeza en festivos, mercadillos e eventos Valor ofertado: 300 xornadas Puntuación: 0 ptos.

- Incremento dos servizos de limpeza viaria: eliminación do mofo nas beirarrúas Oferta: Se Puntuación: 1 pto

- Biorresiduo Valor ofertado 508 colectores Puntuación: 4 ptos.

- Persoal: preacordo de convenio con Centro Especial de Emprego ou empresas de inserción de Galicia Oferta: Se Puntuación: 3 ptos.

2.- Proposta adxudicación: CON/36/2018 - Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Narón

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decreciente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:



Orde: 1 CIF: A79524054 URBASER, S.A. Proposto para a adxudicación

Criterios sometidos a un xuízo de valor: 20,25

Criterios avaliados mediante fórmulas: 70,17

Total puntuación: 90,42

Orde: 2 CIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.

Criterios sometidos a un xuízo de valor: 21

Criterios avaliados mediante fórmulas: 67,87

Total puntuación: 88,87

3.- Aprobación de acta: S 13 2020 - Aprobación actas sesións S.13.2020

A mesa acorda a aprobación da: Borrador\_Acta\_S.4.202118\_02\_21\_07:55:14.  
doc correspondente á sesión: S.4.2021

Adicionalmente indícanse os seguintes comentarios: null

4.- Aprobación de acta: S.14.2020

A Mesa unifica os puntos 4,5 e 6 dá orde do día e aproba vos seguintes borradores das actas das sesións: S.14.2020, S.15.2020 e S.1.2021.

Non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión ás 11 horas e catorce minutos da data sinalada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu como Secretario dou fe, asinando comigo a Sra. Presidenta